

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de xullo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día doce de xullo de de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(883).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 21 de xuño de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(884).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APEL. Nº 30/2003 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO EN RELACIÓN CO ACORDO PLENARIO DE 26.02.01 QUE APROBA OS PRESUPOSTO DO ANO 2001. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.03.04, dictada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia interposto contra sentenza nº 239/2002 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo pola que se estima en parte o recurso contencioso-administrativo interposto pola sindical Confederación Intersindical Galega contra acordo do

Pleno do Concello de Vigo polo que se aproban os presupostos para o ano 2001, en particular, no relativo á partida presupostaria do fondo social e á modificación dos complementos de destino e determinados postos de traballo. A Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla o seguinte:

Que con desestimación do recurso de apelación interposto contra a sentenza nº 239/2002 de 26 de novembro de 2002, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo en autos do procedemento abreviado número 186/2001, debemos confirmar e confirmamos a mesma; con expresa imposición de custas á recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta á Unidade de Persoal e a Intervención Xeral.

3(885).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 282/03 INTERPOSTO POR IBERPLAS S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1030765848). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.06.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por IBERPLAS S.L. contra resolución de data 27 de agosto de 2003 dictada polo Concello de Vigo – Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1030765848, que impuxo á recorrente unha sanción consistente en multa de 301 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 72.3 da Lei de Tráfico; resolución que confirmo, ó considerala axustada a Dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Mobilidade e Seguridade.

4(886).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 301/03 INTERPOSTO POR D. JESUS TUCHE BRAVO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1020727960). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Jesús Tuche Bravo contra resolución de data 17 de setembro de 2003 dictada polo Concello de Vigo-Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1020727960, que impuxo ao recorrente unha sanción consistente en multa

de 150,25 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 91.2 RGC e 38.3 da Lei de Tráfico; resolución que confirmo, ao considerala axustada a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Mobilidade e Seguridade.

5(887).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 314/2003 INTERPOSTO POR POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVERA S.A. CONTRA SANCIÓN POR INFRACCIÓN DA ORDENANZA FUNERARIA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no recurso de referencia que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Entidad Mercantil Pompas Fúnebres Pontevedra S.A., contra a resolución da Alcaldía de Vigo de data 19.09.03, impondo unha sanción de multa na contía de 1.803,04 € por considerala conforme a dereito, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao servizo de Cemiterios.

6(888).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 318/03 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER VILLAR MARTÍNEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1030764601). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Francisco Javier Villar Martínez contra resolución de data 20.10.03 dictada polo Concello de Vigo – Sector de Circulación, no expediente sancionador núm. 1030764601, que impuso ao recorrente unha sanción consistente en multa de 300,51 € pola comisión dunha infracción prevista no art. 72-3 da Lei de Tráfico; resolución que anulo e deixo sen efecto, por non ser conforme a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Mobilidade e Seguridade para a súa execución.

7(889).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 321/03 INTERPOSTO POR Dª Mª CANDIDA VÁZQUEZ LEBOREIRO EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Cándida Vázquez Leboreiro contra resolución de 22.07.02 do concelleiro delegado de Facenda do Concello de Vigo, que desestima o recurso de reposición interposto contra liquidación do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, aprobada con data 30.01.03 (expte. núm. PV 786/01) Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Inspección e Admón. de Tributos e ao de Recursos e Asesoramento.

8(890).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 43/2004 INTERPOSTO POR Dª CARMEN FERNÁNDEZ ALONSO CONTRA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 17.11.03 QUE INADMITE RECLAMACIÓN SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Carmen Fernández Alonso contra resolución do Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Vigo, de data 17 de novembro de 2003, dictada no expte. nº 16639/240-03, na que fronte á reclamación patrimonial efectuada pola actora, solicitando o aboamento da indemnización dos danos sufridos no seu vehículo derivados da existencia de defectos na rede de saneamento, acorda “Inadmitir a reclamación de Dª Carmen Fernández Alonso, por tratarse dunha solicitude extemporánea”; resolución que confirmo ao entendela axustada a dereito. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio e Contratación.

9(891).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 67/2004 INTERPOSTO POR D. DIEGO GONZALEZ VILA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.06.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo promovido por Diego González Vila, contra desestimación presunta da reclamación patrimonial remitida polo actor en data 24 de marzo de 2003 ao Concello de Vigo, pola que se tramitou o expediente nº. 15915/240 de 2003, acto que confirmo, ao ser conforme a dereito, sen que proceda facer mención expresa acerca das custas procesuais causadas, ao non haber méritos para a súa imposición.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

10(892).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 108/04 INTERPOSTO POR D. CARLOS LEIRÓS ORGE CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE 17.11.03, EN RELACIÓN CON INACTIVIDADE DO CONCELLO SOBRE “ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO”. AUTO DE DESISTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 11.06.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter á avogada Eva María Mauricio García en nome e representación de Carlos Leirós Orge, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto.

11(893).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA UN PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES. EXPTE. 10746/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 28.06.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-lo convenio de colaboración a subscribir coa Asociación ÉRGUETE, NI G-36.642.726, para o desenvolvemento dun programa de apoio residencial para pacientes drogodependentes, cunha vixencia comprendida entre o 15/02/03 ata o 31/12/03, cunha contraprestación de 9.015,00 €, pola disposición de cinco prazas nos pisos dos que dispón.

Autorizar ó concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, D. Ignacio J. López-Chaves Castro, para firmar dito convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS TOXICÓMANOS “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES (PISOS DE APOIO Ó TRATAMENTO)

En Vigo, a de de 2004

Reunidos:

*Dunha parte, D. Ignacio J. López-Chaves Castro, na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo, por Decreto de delegación de data 02/01/04, autorizado para firma-lo presente convenio por acordo da Xunta de Goberno Local **de data***

E doutra, D. Manuel Álvarez Vilar, na súa calidade de Presidente da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior.

Ambas partes segundo acordo:

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Concello de Vigo ven prestando servicios sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por medio da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, autorizada por Resolución da Consellería de Sanidade de data 27/12/93, en cumprimento do establecido na Orden de 7 de xullo de 1988 (D.O.G. nº 195, de 10 de outubro).

Segundo.- Que a Asociación “Érguete” de axuda ó toxicómano, inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, ven desenvolvendo as súas actividades no campo das drogodependencias cunha presenza moi activa, arraigada e con prestixio, levando a cabo diversos programas de axuda, figurando inscrita como entidade prestadora de servicios sociais na Xunta de Galicia, configurándose como un apoio fundamental na parte asistencial. Así mesmo “ÉRGUETE” foi declarada de Utilidade Publica polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo.

Terceiro.- O obxectivo final de calquera programa de tratamento na área das drogodependencias é axudar ós pacientes a conseguir grados de autonomía persoal que lles permita desenvolver estilos de vida mais saudables e normativos. Desde este principio, o traballo asistencial dirixido a promove-la incorporación social, educativa e laboral dos pacientes constitúese nun piar fundamental para a obtención de resultados estables a medio e largo prazo.

Os programas de intervención da área social das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) sópórtanse, nunha gran medida, mediante a coordinación cos recursos sociais xerais. Desta maneira, e a pesar da desproporción entre demanda e recursos, conséguese atender parte da grave problemática social normalmente asociada ás drogodependencias.

Sen embargo, algúns aspectos básicos para a incorporación dos pacientes son de difícil abordaxe desde esta rede xeral de asistencia social. Un exemplo encontrámolo no obxectivo terapéutico de maduración persoal, laboral e social; necesaria para lograr niveis adecuados de autonomía. O traballo terapéutico dirixido á interiorización de aspectos tales coma a hixiene e autocoidado, a alimentación, os ritmos sono-vixilia, os hábitos laborais e de ocio saudables, as habilidades sociais, a planificación e administración de recursos, entre outros, son de difícil abordaxe desde os dispositivos de tipo ambulatorio. Para traballar nestes obxectivos, resulta de especial interese contar con recursos específicos de apoio para drogodependentes en tratamento.

A Rede Asistencial de Drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas conta con recursos de tipo semi-residencial (Unidades de Día – Uds) e residencial (Comunidades Terapéuticas – CTs). Especialmente este último tipo, aínda de réxime cerrado e con prazas insuficientes, permite un traballo intensivo sobre as áreas necesarias para lograr obxectivos dirixidos á autonomía. A Rede non conta con dispositivos propios de apoio residencial en réxime aberto, pero algúns dispositivos asistenciais contan co apoio de recursos do tipo de pisos de acollida e terapéuticos xestionados por ONGs.

O actual proxecto pretende desenvolver un programa de apoio residencial para pacientes que realizan tratamento da súa drogodependencia na UAD “CEDRO”, dispositivo asistencial xestionado polo Concello de Vigo, mediante convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade no marco do Plan de Galicia sobre Drogas.

Cuarto.- Que tanto o Concello de Vigo como a Asociación “ÉRGUETE”, en resposta a esa necesidade, e seguindo a liña de colaboración que sempre mantiveron, comezaron hai dous anos unha experiencia de pisos de apoio ó tratamento que se avaliou coma un recurso interesante que debe continuar, polo que mostran a súa disposición a convenir novamente el programa para usuarios da UAD de CEDRO, baseado nas seguintes

C L A U S U L A S

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo e a Asociación “ÉRGUETE” establecen un convenio de colaboración que ten coma obxectivo a creación de prazas residenciais terapéuticas para persoas maiores de idade que se atopen nun programa asistencial de tratamento de drogodependencias na Unidade Asistencial CEDRO.

Estas prazas servirán para o desenvolvemento do programa de apoio residencial.

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais do programa cínguense ós seguintes:

- *Facilita-lo apoio residencial para o bo seguimento do tratamento.*
- *Contribuír á inserción social, laboral e persoal de pacientes con alto risco de exclusión.*

Coma obxectivo específicos sinálanse:

- *Fomentar habilidades sociais como a convivencia e a responsabilidade.*
- *Aumenta-la capacidade laboral a través de formación e busca activa de emprego.*
- *Potencia-la independencia económica e polo tanto persoal.*
- *Eliminar prexuízos persoais sobre actitudes sociais.*

TERCEIRA.- O programa de apoio residencial achegase como anexo ó presente convenio, así como a normativa ou regulamento que servirá para o seu funcionamento, protocolo de derivación e consentimento informado.

CUARTA.- A Asociación “ÉRGUETE” dispón, en pleno funcionamento, de dous pisos cun total de 14 prazas entre homes e mulleres, dotados do persoal e medios necesarios para o cumprimento dos fins deste programa.

Deste total, pon a disposición da Unidade Asistencial de Drogodependencias cinco prazas, coas características do anexo amentado.

Ámbalas dúas partes deixan constancia de que si durante a vixencia do presente convenio as circunstancias e a demanda o aconsellaran, pódese ampliar de mutuo acordo o número de prazas coa conseguinte contraprestación económica se as posibilidades orzamentarias o permitisen e previos acordos oportunos.

QUINTA.- O presente convenio non suporá, en ningún caso, relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo, do persoal de “ÉRGUETE”, que atende o recurso conveniado.

SEXTA.- En contraprestación a este servicio, o Concello comprométese ó pago, no 2004, da cantidade de 9.015,00 Euros con cargo á partida 227.06.05, do programa 4123, do vixente orzamento.

O pago da contraprestación efectuarase da seguinte maneira; un 50%, é dicir 4.507,50 Euros á formalización do convenio e o 25% no mes de xullo e o 25% restante no mes de decembro do ano en curso .previa conformidade da Dirección da UAD “CEDRO” ou Xefatura do Sector de que o servicio foi prestado de conformidade.

Así mesmo, e como figura no anexo, a UAD “CEDRO” aportará o apoio técnico necesario para as actividades terapéuticas que se desenvolvan.

SÉTIMA.- Para o seguimento, control técnico e avaliación do programa crease unha comisión técnica composta por persoal de ambas partes, composta por dous membros por cada un dos asinantes.

Así mesmo, establecece unha Comisión Mixta de seguimento que, presidida polo titular da Concellería responsable da UAD “CEDRO”, compoñerán os membros da Comisión Técnica mais un representante da cada unha das partes.

Esta Comisión mixta resolverá as controversias, dúbidas e interpretación na aplicación do presente convenio.

OITAVA.- O prazo de vixencia do presente convenio comprendera ata o 31/12/2004.

En proba de conformidade, firman o presente na data indicada.

12(894).- PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 16/27511/04.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da traballadora social e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 7.07.04, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Concede-la prestación do Servicio de axuda no fogar a D. Manuel Giraldez Cuiñas. Expte. 16/27511.

13(895).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA DURANTE O MES DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 8357/331.

Mediante escrito de data 30.06.04 o concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais dá conta á Xunta de Goberno, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de xuño de 200, que son os seguintes:

CONCEPTO.- Servicio de megafonía e transporte. Exhibición aérea da Patrulla Águila.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8323/331	04/06/04	2270600	27533	1.276,00 euros	<i>Ferrogar (N.I.F.: 35.990.479-X)</i>
			27532	1.043,25 euros	<i>Autocares La Florida (C.I.F.: A-36.642.536)</i>

CONCEPTO.- Adquisición de placa homenaxe a “Armando Cajaraville”					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8336/331	14/06/04	2210901	29326	870,00 euros	<i>Raúl Álvarez Fernández (N.I.F.: 36085949-F)</i>

CONCEPTO.- Xornadas técnicas sobre arquivos fotográficos e da imaxe.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8340/331	14/06/04	2260600	28982	936,00 euros	<i>Joan Boadas i Raset (N.I.F.: 77.901.885-B)</i>
			28983	1.313,80 euros	<i>Viajes Vincit S.L. (C.I.F.: B-36.860.914)</i>

CONCEPTO.- Poliza seguro Colección Torras.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8341/331	15/06/04	2240000	29031	11.157,86 euros	<i>Aon Gil y Carvajal Correduría Seguros (C.I.F.: A-28109247)</i>

CONCEPTO.- Seguro das obras da colección permanente Francisco Fernandez del Riego. Casa galega da cultura.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>

8342/331	18/06/04	2260801	30023	887,36 euros	Aon Gil y Carvajal Correduría Seguros (C.I.F.: A-28109247)
----------	----------	---------	-------	--------------	--

CONCEPTO.- Publicidade da exposición "Instantes numéricos" de Marta Olivares na Casa Galega da Cultura.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8345/331	18/06/04	2260200	29918	1.411,48 euros	Palacios Publicidad (C.I.F.: 36663052V)

A Xunta de Goberno queda enterada.

14(896).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO PARA A REALIZACIÓN DA XVI EDICIÓN DO GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO O VINDEIRO 17.07.04. EXPTE. 4607/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o club ciclista Meixoeiro a celebrar a XVI edición do Gran Premio Ciclista Meixoeiro, o vindeiro día 17 de xullo de 2004 que está previsto que se desenvolva no barrio do Meixoeiro, con percorrido polas rúas seguintes: Avda. de Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro. Esta proba para ciclistas federados se celebrará entre as 17:30 h. e as 19:30 h.

15(897).- DECLARACIÓN DE EMERXENCIAS DE OBRAS NO ESTADIO DE FÚTBOL DE BALAÍDOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local que di:

A Xunta de Goberno Local, con data 24/05/2004, encomendou ao funcionario que subscribe un informe sobre as consecuencias da non aprobación do proxecto de orzamento municipal para o ano 2004 en relación coas obras previstas no mesmo para a conservación do estadio de fútbol de Balaidos.

Con carácter previo á emisión de dito informe, con data 26/05/2004 este órgano solicitou do Servizo de Deportes informe sobre cales das obras incluídas como "actuacións urxentes" na auditoría técnica realizada pola empresa G.O.C deban ser obxecto da tramitación de emerxencia á que se refire o artigo 72 do R.D.L. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Nun informe de data 21 de xuño de 2004, asinado polo arquitecto municipal D. Alberto Abia Alonso, o director deportivo D. Vicente Romo Pérez e o aparellador municipal D. Miguel A. Carrera Mouriño, dase conta de que se consideran obras de emerxencia e que polo tanto é necesario comezar de inmediato porque poden afectar á seguridade das persoas, as que figuran no resumo de actuacións de emerxencia suscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, por un importe de 1.359.258,77 euros.

Tendo en conta o contido deste informe o funcionario que subscribe informa favorablemente a declaración de emerxencia das obras a realizar no estadio municipal de fútbol de Balaídos incluídas no resumo de actuacións de emerxencia suscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, que importan a cantidade de 1.359.258,77 euros, aos efectos da súa tramitación de acordo co que se establece no artigo 72 e concordantes do R.D.L. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Declarar de emerxencia as obras a realizar no estadio municipal de fútbol de Balaídos incluídas no resumo de actuacións de emerxencia suscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, que importan a cantidade de 1.359.258,77 euros, e a súa contratación pola vía de emerxencia de acordo co que se establece no artigo 72 e concordantes do R.D.L. 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

16(898).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004”. EXPTE. 1054/335.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 21.06.04 aprobou o expediente de contratación por procedemento negociado da Prestación dos servizos de produción integral dos espectáculos e actividades do Programa de Festas do Cristo da Victoria 2004 de Vigo.

Durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de contratación, sen publicación de anuncio, presentouse no Rexistro Xeral unha soa proposta a nome de Producción e Xestión Cultural S.L.

Na Mesa de Contratación realizada o 5.07.04 procedeuse á apertura da documentación presentada, pasándoa a informe do Servizo de Festas e Animación Sociocultural.

Con data 6.07.04 o técnico responsable do Servizo de Festas, emite informe proposta conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola interventora xeral, formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co devandito informe-proposta, acorda:

1º.- Adxudicar a contratación da produción integral das actividades e espectáculos das *Festas do Cristo da Victoria 2004*, realizada por procedemento negociado segundo o artigo 210, c), do RDL 2/2000, de 16 de xuño, á empresa Producción e Xestión Cultural S.L. CIF B- 36.743.755.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 209.000.-euros por este concepto, con cargo á partida 451.0.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2004; este pagamento realizarase á empresa Producción e Xestión Cultural S.L., CIF B-36.743.755.

3º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

17(899).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “CORAI EN MOVEMENTO 2004”. EXPTE. 1086/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 29.06.04, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, pola interventora xeral e co conforme xurídico de técnico da Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, para a organización do programa *CORAI EN MOVEMENTO 2004*.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto, por un importe total de 15.600.-€, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, a razón de 600.-€ para cada unha das seguintes entidades:

- * SCRD “HELIOS” DE BEMBRIVE, CIF G-36663428
- * ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA “ANDURIÑA”, CIF G-36898708
- * AVCR “SAN MAMEDE” DE ZAMÁNS, CIF G-36691855
- * AVCUC “EMILIO CRESPO” DE SAN PAIO DE NAVIA, CIF G-36648608
- * CORAL MARÍA AUXILIADORA, CIF G-36723716

- * CCR RUEIRO, CIF G-36626802
- * CORAL POLIFÓNICA OLÍVICA, CIF G-36838431
- * SCD "ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ, CIF G-36620854
- * ASOCIACIÓN DE CULTURA Y FIESTAS DE CASTRELOS, CIF G-36717973
- * AVV DE CABRAL, CIF G-36651073
- * CORAL POLIFÓNICA "VAL DO FRAGOSO", CIF G-36841989
- * SCRD NAUTILIUS, CIF G-36631703
- * ASOCIACIÓN MASA CORAL "PERLA DO ATLÁNTICO", CIF G-36899979
- * CCAR DE VALLADARES, CIF G-36617082
- * AVV-CSCR DE BEADE, CIF G-36632081
- * A.G. LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA, CIF G-36638419
- * AGRUPACIÓN GALICIA SOCIAL, CIF G-36828481
- * CORAL SANTA CLARA, CIF G-36714665
- * UVCD de CANDEÁN, CIF G-36863348
- * ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CEGOS ESPAÑOIS, CIF Q-2866004-A
- * CORO CLÁSICO DE VIGO, CIF G-36680460.
- * CORAL POLIFÓNICA MARÍA MADRE DEL BUEN PASTOR, CIF G-36816874
- * RC NÁUTICO DE VIGO, G-36617752.
- * ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA Y CONSUMO "AGARIMO", CIF G-36821817.
- * ASOCIACIÓN MÁXIMO GORKI, CIF G-36759017
- * COLEXIO DE AVOGADOS DE VIGO, CIF Q-3663003-F

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACION
PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "CORAIS EN MOVEMENTO 2004"*

Vigo, o xxxxxxx de xuño de dous mil catro,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, CP 36202; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte:

D. JOAQUIN CARVAJAL BAÑOS, NIF 09582515-W, presidente da entidade CORO CLÁSICO DE VIGO, CIF G-36680460, con domicilio social en Vigo, rúa Venezuela, núm 11, actuando en representación desta.

D. CARMEN RODAL GONZÁLEZ, NIF 76833497-L, presidenta da entidade CORAL POLIFONICA MARIA MADRE DEL BUEN PASTOR, CIF G-36816874, con domicilio social en Vigo, rúa Vazquez Varela, núm 15, actuando en representación desta.

D. BENJAMÍN GONZÁLEZ LÍAS, NIF 36011386-X, presidente da AVCU-CSCR DE BEADE, CIF G-36632081, con domicilio social en Vigo, rúa Coutadas-Beades, núm 98, actuando en representación desta.

D. MANUEL LÓPEZ HERBÓN, NIF 36008557-X, presidente da entidade CORAL MARÍA AUXILIADORA, CIF G-36723716, con domicilio social en Vigo, rúa Venezuela, núm 9, actuando en representación desta.

D. MANUEL FRADE CASTRO, NIF 35817633-D, presidente da entidade DO REAL CLUB NAUTICO, CIF G-36612752, con domicilio social en Vigo, rúa Elduayen, núm 2, actuando en representación desta.

D. VICTOR JOSE FONTAN LOJO NIF 35892634-F, presidente da entidade CORAL SANTA CLARA, CIF G-36714665, con domicilio social en Vigo, rúa Ramón Nieto, núm 403, actuando en representación desta.

D. OSCAR DOMINGUEZ GONZALEZ, NIF 36048600-X, presidente da entidade UVCD DE CANDEAN, CIF G-36863348, con domicilio social en Vigo, rúa Devesa, núm 25, actuando en representación desta.

D. GABINO GOBERNA COSTAS, NIF 35875894-B, presidente da entidade ASOC. MASA CORAL PERLA DEL ATLÁNTICO, CIF G-36899979, con domicilio social en Vigo, rúa San Paio-Alcabre, núm 45, actuando en representación desta.

D. MARCELINO BARREIRO FERNANDEZ, NIF 36022585-P, presidente da entidade SCRD HELIOS, CIF G-36633428, con domicilio social en Vigo, rúa Torreiro, núm s/n, actuando en representación desta.

D. ANGEL ALFONSO BASTOS, NIF 35988170-R, presidente da entidade AGRUP. MUSICAL LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA, CIF G-36638419, con domicilio social en Vigo, rúa Currás, núm 34, actuando en representación desta.

D. LUIS MARTINEZ SALGADO, NIF 35858241-E, presidente da entidade AGRUP. CULTURAL GALICIA SOCIAL, CIF G-36828481, con domicilio social en Vigo, rúa Pza. América, núm 3, actuando en representación desta.

D. LUIS CALVO CUESTA, NIF 12689677, presidente da entidade CCAR RUEIRO DEL CRISTO DE LA VICTORIA DE COIA, CIF G-36626802, con domicilio social en Vigo, rúa Bayona, núm s/n, actuando en representación desta.

D. FERNANDO DAVILA BARROS, NIF 36009725-M, presidente da entidade CORAL POLIFONICA OLIVICA, CIF G-36838431, con domicilio social en Vigo, rúa Ecuador, núm 17, actuando en representación desta.

D. MODESTO RODRIGUEZ RODRIGUEZ, NIF 76887859, presidente da entidade AVCR SAN MAMEDE DE ZAMANES, CIF G-36691855, con domicilio social en Vigo, rúa Cidanes, núm 3, actuando en representación desta.

D^a. ROSA V. GALLEGO DOMÍNGUEZ, NIF 34531048-K, presidente da entidade ASOC. DE AMAS DE CASA Y CONSUMO AGARIMO, CIF G-36821817, con domicilio social en Vigo, rúa Venezuela, núm 11, actuando en representación desta.

D. LUIS RODRIGUEZ PEREZ, NIF 35940822-X, presidente da entidade AVV DE CABRAL, CIF G-36651073, con domicilio social en Vigo, rúa Santa Mariña Casal Cabral, núm 95, actuando en representación desta.

D^a. MARIA BEGOÑA LAGO RODRIGUEZ, NIF 36043489-M, presidente da entidade CORAL POLIFONICA VAL DO FRAGOSO, CIF G-36841989, con domicilio social en Vigo, rúa Val Miñor, núm 1, actuando en representación desta.

D. ANGEL COSTAS FERNANDEZ, NIF 35975875-B, presidente da entidade SCD ATLANTIDA DE MATAMA, CIF G-36620854, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, núm 53, actuando en representación desta.

D. EMILIO PEREZ PEREZ, NIF 35935099-Z, presidente da entidade ASOC. CORAL POLIFONICA ANDURIÑA, CIF G-36898708, con domicilio social en Vigo, rúa Canido Playa, núm 163, actuando en representación desta.

D. SATURNINO CARREIRA MALLO, NIF 36028032, presidente da entidade AVCUeC EMILIO CRESPO, CIF G-36648608, con domicilio social en Vigo, rúa Bravo, núm 6, actuando en representación desta.

D. ALVARO GONZALEZ MAGARIÑOS, NIF 35982264-Y, presidente da entidade ASOC. MAXIMO GORKI DE SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS, CIF G-36759017, con domicilio social en Vigo, rúa República Argentina, núm 17, actuando en representación desta.

Dª. ELISA CASTRO ALONSO, NIF 36033033-Z , presidente da entidade SCRD NAUTILIUS, CIF G-36631703, con domicilio social en Vigo, rúa Iglesia-Comesaña, núm 11, actuando en representación desta.

D. ELISARDO DACOSTA TORRES, NIF 35979654, presidente da entidade CCAR DE VALLADARES, CIF G-36617082, con domicilio social en Vigo, rúa ctra. Xeral de Valladares, núm 233, actuando en representación desta.

D. ALFONSO ÁLVAREZ GANDARA , NIF 35887139-D, presidente da entidade COLEXIO DE AVOGADOS DE VIGO, CIF Q-3663003-f, con domicilio social en Vigo, rúa Lalín, núm 4, actuando en representación desta.

Dª. Mª JESUS H. SOTELO WAIDELE , NIF 36002609, presidente da entidade ASOC. DE CULTURA Y FIESTAS DE CASTRELOS, CIF G-36717973, con domicilio social en Vigo, avda. Castrelos, núm 135, actuando en representación desta.

D. VICENTE GARCIA CALABUIG, NIF 74345011-H presidente da entidade ONCE (ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS), CIF Q-2866004-A, con domicilio social en Madrid, rúa Prado, núm 24, actuando en representación desta.

MANIFESTAN

1. Que a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural vén realizando un importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, compañías de teatro de adultos e de teatro infantil...

2. Que a citada concellaría organizou no ano 2003 un ciclo de actuacións de agrupacións de música coral da nosa cidade por distintos barrios e está interesada en repetir esta experiencia tras o éxito acadado.

3. Que as entidades relacionadas están interesadas, pola súa banda, en participar neste ciclo durante o exercicio 2004 e así llo solicitou ao Concello de Vigo.

Dado o interese do exposto, o Concello de Vigo e as citadas entidades establecen a súa relación para o exercicio 2004 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o apoio, potenciación e promoción dende o Concello de Vigo das masas corais da nosa cidade, a través da programación dun ciclo estable de actuacións polos barrios vigueses, denominado CORAIS EN MOVEMENTO.

SEGUNDA.- O importe total deste convenio, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a QUINCE MIL MIL SEISCENTOS (15.600.-) €, aplicable á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, e cun importe individual para cada coral de SEISCENTOS (600.-) €. Nesta contía, enténdense incluídos todo os gastos que se deriven das actuacións.

TERCEIRA.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- *Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.*
- *Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.*
- *Cadeiras para o público.*
- *Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.*

CUARTA.- As obrigas que asumen as corais respecto do Concello son as seguintes:

1. *Realizar TRES actuacións, unha delas de carácter gratuíto que decidirá o Concello.*
2. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural comunicarlle a cada coral os lugares, datas e horas das actuacións:*
 - *se a data indicada estivese dispoñible, quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*
 - *se a data estivese comprometida previamente, deberá acreditar o compromiso na citada concellaría nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*

Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellaría de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

De mutuo acordo entre o Concello de Vigo e as entidades asinantes, désígnase a Enrique Lorenzo Vila, como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entrambas partes: determinar as datas e horarios dispoñibles de cada coral, solicitar posibles cambios, comunicar incidencias...

QUINTA.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:

- *Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir-lo concerto e incluír o logotipo da Concellaría de Festas naquel que edite a propia entidade.*
- *Xestionar e aboar o importe correspondente aos dereitos de autor derivados da actuación da coral.*
- *Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, con indicación das posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*

SEXTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, son as seguintes:

- 1. Programar as datas, lugares e horarios dos concertos con cargo a este convenio.*
- 2. Comunicarlles ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*
- 3. Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación de informacións acerca das actuacións programadas.*
- 4. Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Quedan expresamente prohibidas as actuacións ao aire libre.*

SÉTIMA.- O mecanismo de seguemento deste convenio realizarase con base nas "certificacións de actuación", asinadas pola entidade correspondente, e da presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas durante os concertos.

OITAVA.- O pagamento do importe estipulado na cláusula segunda tramitarase unha vez realizadas as actuacións e tras a presentación, a través do Rexistro Xeral, da factura acompañada das certificacións de actuación correspondentes, sempre antes do día 20 de decembro; o pagamento realizarase mediante transferencia ás respectivas contas bancarias das entidades asinantes

NOVENA.- A cancelación do presente convenio con algunha das entidades poderá producirse unilateralmente por parte do Concello de Vigo, por algún destes motivos:

- 1. Unha incomparecencia inustificada a un concerto.*
- 2. Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións.*

DÉCIMA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2004. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

DECIMO SEGUNDA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado e a un só efecto, na data e lugar indicados,

18(900).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID PARA CHATARRA. EXPTE. 69819/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 7.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adjudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg, debendo retiralos no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que seccionar o bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
EXPEDIENTE : 1 / 1998	
PO-3666-AC	VOLSWAGEN POLO
EXPEDIENTE : 5 / 2001	
PO-9413-T	CITROEN VISA 1.1
PO-0482-AG	AUSTIN METRO
EXPEDIENTE : 6 / 2001	
PO-9374-AJ	SEAT TERRA 1.3 D
PO-1595-BL	V.W. GOLF 1.6
EXPEDIENTE : 9 / 2001	
C-5764-BHH	DERBI VARIANT START
OR-1034-I	MAZDA KOGYO 626
PO-6737-AF	PEUGEOT 309 SRD
PO-1937-AM	GILERA SP 125 CC
EXPEDIENTE : 1 / 2003	
SIN PLACAS	FORD FIESTA-98S12872
SIN PLACAS	PEUGEOT 309-99S03805
SIN PLACAS	SEAT IBIZA-99003531
SIN PLACAS	RENAULT R18-99S05751
SIN PLACAS	HONDA AZUL-01S12300
SIN PLACAS	ALFA ROMEO-02000791
L-0237-N	RENAULT EXPRESS
PO-2368-S	RENAULT R- 18
PO-5292-U	FORD FIESTA

PO-4982-AG
PO-1811-AK

V.W. POLO
FORD FIESTA 1.4

EXPEDIENTE : 8 / 2003

PO-2337-AG

RENAULT R-19

EXPEDIENTE : 9 / 2003

M-8443-LP
PO-0889-J
PO-7051-V
PO-2876-Y
PO-2392-Z
PO-2573-AP
PO-7576-AY
PO-3619-BL

CITROEN AX 1.4
FORD FIESTA 957
SEAT TRANS
EBRO L 35 S
BMW 324 D
RENAULT R-21
FORD FIESTA
MAZDA 323 1.8

EXPEDIENTE : 2 / 2004

C-5804-AC
C-7794-BBG
C-4113-BCV
C-3582-BDL
C-2376-BFP
C-2304-BGY
C-2245-BHF
C-2155-BHG
C-2290-BMX
OR-0244-I
OR-8455-K
PO-9345-V
PO-2859-W
PO-2751-AD
PO-2629-AP
PO-9714-AP
PO-5037-AS
PO-3858-AT
PO-4439-AX
PO-8621-BL

FORD ORION 1.6
SUZUKI ADDRESS
PIAGGIO ZIP BASE
PIAGGIO TYPHOON
PIAGGIO ENERGY MC2
YAMAHA TZR
HONDA SFX 50
PIAGGIO ZIP BASE
PIAGGIO TYPHOON 50
FORD FIESTA 1.6
SEAT MALAGA D
PEUGEOT 205 XR
FORD FIESTA 1.3
SEAT IBIZA 1.5
RENAULT EXPRESS 1.9
ROVER 820 SI
YAMAHA SR
FIAT UNO TURBO
CHEVROLET SWIFT
NISSAN SUNNY

EXPEDIENTE : 3 / 2004

82C48668
SACO PIEZA
HIERROS -TABLON
FERROL1794

VESPA
OTROS
OTROS
DERBI

SILLAS
TABLA VELA
VALLAS
SF20820264
EXPTE. 98S11268
SIN PLACAS
SIN PLACAS
SIN PLACAS
-1951-BGT
BU-9104-G
C-9719-AX
C-7748-BDN
C-0780-BDT
C-3843-BFX
C-0671-BGZ
C-5799-BHH
C-4305-BKJ
M-9983-CS
M-9793-JV
OR-8226-D
OR-2377-G
OR-8791-H
PO-3612-U
PO-4622-U
PO-2871-V
PO-8883-V
PO-8039-W
PO-4156-X
PO-5734-Y
PO-6458-Y
PO-2945-Z
PO-0345-AB
PO-7857-AB
PO-9981-AC
PO-7522-AD
PO-3032-AF
PO-4361-AF
PO-0226-AG
PO-7781-AH
PO-9467-AH
PO-2262-AJ
PO-5307-AJ
PO-6551-AJ
PO-0571-AM
PO-1803-AP
PO-7340-AP
PO-1921-AZ

VALLAS Y OTROS
OTROS
OTROS
OTROS
DEFENSA CITROEN AX
YAMAHA - 03I00890
HONDA XR - 02009076
SUZUKI - 03I03232
OPEL ASCONA 1.6
RENAULT -9 TSE
FORD SIERRA 2.0
KYMCO DINK
YAMAHA YN 50
SUZUKI AY 50
PIAGGIO TYPHOON
YAMAHA YA 50S
VESPINO 130 E
SEAT 124
AUTOBIANCHI Y10 FIRE
AVIA 1250 PLATAFORMA
RENAULT R-4
FORD FIESTA
CITROEN BX
FORD FIESTA
RENAULT R-25
MERCEDES BENZ MB 90
SEAT MALAGA
OPEL CORSA 1.3
PEUGEOT 309 GT
CITROEN C-15
FORD ORION
V.W. GOLF 1.8
BMW 316
FORD ESCORT 1.6
CITROEN C-15
ALFA ROMEO 164 3.0
CITROEN BX
OPEL CORSA
RENAULT R-21
BMW 318 IS
CITROEN C-15 D
V.W. POLO COUPE
SEAT IBIZA DIESEL
NISSAN VANETTE
OPEL CALIBRA
HONDA VISION
FIAT BRAVO 1.9

PO-5713-AZ
PO-1598-BC
PO-4938-BD
PO-2386-BK

FIAT BRAVA 1.8
HONDA SJ 100
PEUGEOT 205
TOYOTA COROLLA

EXPEDIENTE : 5 / 2004

213596
7502
BICICLETA
C-4223-O
C-6173-AS
C-2125-AT
C-3971-BBD
C-9783-BBD
C-2254-BCM
C-8945-BFG
C-8359-BFJ
C-4693-BFK
C-1389-BFZ
C-8884-BFZ
C-9670-BGF
C-3417-BGM
C-3446-BGM
C-6337-BGW
C-7722-BHM
C-8946-BHS
C-3442-BHZ
C-1729-BKC
C-6737-BLF
C-8533-BLT
C-4305-BMT
C-6843-BNN
CA-4380-AM
M-5411-JK
OR-5671-G
PO-0270-Y
PO-3064-AC
PO-8388-AC
PO-9007-AC
PO-2812-AD
PO-8314-AG
PO-1133-AH
PO-8079-AJ
PO-8248-AJ
PO-1026-AK
PO-9282-AL

YAMAHA JOG
SEAT RONDA
OTROS-04S02081
MERCEDES BENZ N-1300
CITROEN C-25 D
PEUGEOT 205 SR
GILERA RUNNER 50
HONDA SFX 50
PIAGGIO ZIP BASE
PIAGGIO VESPA 50
PIAGGIO TYPHOON 50
HONDA SFX 50
PIAGGIO ZIP AGUA
APRILIA RS 50
DERBI START
MALAGUTI F12
YAMAHA TZR 50
YAMAHA CY 50
HONDA SFX
KYMCO DINK 50
SUZUKI AH50
APRILIA RALLY 50
DAELIM MESSAGE
YAMAHA TZR 50
YAMAHA YQ 50
PEUGEOT SQUAB
OPEL CORSA 1.2 5 P
CITROEN BX 1.9
TALBOT HORIZON EXD
V.W. POLO CLASSIC
FORD FIESTA 1.1
SEAT IBIZA 1.5
SEAT MALAGA 1.2
FIAT REGATA 70
RENAULT R-19
FORD ORION 1.8
FORD FIESTA
VESPA PK 125
IVECO 30 8 1 F
FORD SIERRA

PO-9083-AM
PO-4838-AP
VA-8387-X
VIG-8774-

RENAULT TRAFICC
CITROEN BX TZD
RENAULT CLIO 1.8
VESPINO

EXPEDIENTE : 6 / 2004

B-3580-HZ
O-2693-BB

FIAT UNO
FORD ORION

EXPEDIENTE : 7 / 2004

B-2856-IZ
M-7380-HM

RENAULT 11 BLANCO
RENAULT 21 GRIS

TOTAL VEHÍCULOS : 152.

19(901).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA NA HONRA DA VIRXE DAS NEVES EN MATAMÁ OS DÍAS 31 DE XULLO E DO 5 Ó 9 DE AGOSTO DE 2004. EXPTE. 69666/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 31.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas As Neves, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA NA HONRA DA VIRXE DAS NEVES, os vindeiros 5, 6, 7, 8, 9 e 10 de agosto de 2004, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa das Neves de Matamá.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

20(902).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA SARDIÑA O DÍA 31 DE XULLO E NOSA SRA. DAS NEVES DA GUÍA OS DÍAS DO 3 Ó 5 DE AGOSTO NA GUÍA. EXPTE. 69728/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 2.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas Nosa Sra. das Neves, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das festas que se indican a continuación, nos días que se sinalan, na Carballeira da Guía, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

FESTAS	DIAS
Festa da Sardiña	31 de xullo de 2004
Festa da Nosa Sra. das Neves	3, 4 e 5 de agosto de 2004.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €, incluíndo na mesma a cantidade de 1.800 € en concepto de danos ó Patrimonio Municipal.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Nosa Sra. das Neves da Guía.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

21(903).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO STMO. CRISTO DOS AFLIXIDOS EN BOUZAS OS DÍAS DO 16 Ó 20 DE XULLO. EXPTE. 69762/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 2.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Cofradía do Stmo. Cristo dos Aflixidos, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das festas de Bouzas, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa a copia da póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de Bouzas.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estén expresamente autorizados.

- Tódolos días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e ata a rotonda de acceso á zona portuaria en ámbolos dous sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 18 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.
- O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, casetas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 18 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.
- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoos a disposición da Policía Local para colaborar con estes en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estricto cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licencia en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

22(904).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DOS SERVICIOS DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5958/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto prego de prescricións técnicas asinado pola xefa do Servizo de Educación do 12.05.04 e o prego de cláusulas administrativas, do 18.06.04, asinado polo xefe de Negociado de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a contratación por concurso dos servizos de xestión da Escola Municipal de Teatro do Concello de Vigo; visto o informe

xurídico de 29.06.04 e de acordo co informe-proposta proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 18.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 49.800 euros/ano para a prestación dos servicios de xestión da escola municipal de teatro do concello de Vigo que se imputarán á partida 442.0.227.06.03 de acordo coas seguintes anualidades: 17.000 euros no ano 2004; 49.800 euros no ano 2005 e 32.800 euros no ano 2006.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servicios de xestión da escola municipal de Teatro do concello de Vigo.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

23(905).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2585/445/04.

Examinadas as actuacións do expediente, visto prego de condicións técnicas asinado xefe do Parque Móbil do 24.03.04, e conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, e o prego de cláusulas administrativas, do 17.06.04, asinado polo xefe de Negociado e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a contratación da subministración de rodas para o Concello de vigo; visto o informe xurídico de 23.06.04 e de acordo co informe-proposta proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 17.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 15.000 euros no ano 2004 e 30.000 euros en cada un dos exercicios 2005 e 2006 para a subministración de rodas para o concello de Vigo que se imputarán a partida 121.2.214.00.00.

2º.- Aproba-lo prego de clausulas técnicas e administrativas particulares para a contratación por concurso da subministración de rodas para o concello de Vigo.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

24(906).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA REPARACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10787/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto prego de prescricións técnicas asinado polo enxeñeiro Industrial Municipal, do 24.03.04, e conformado polo concelleiro dos Servizos Electro-Mecánicos e o prego de cláusulas administrativas, do 30.04.04, asinado polo xefe de Negociado de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a contratación por concurso da reparación de instalacións de iluminación pública do Concello de Vigo; visto o informe xurídico de 21.05.04 e de acordo co informe-proposta proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 30.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro dos servizos Electromecánicos e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 100.009,35 euros para a a reparación de instalacións de iluminación pública do concello de Vigo que se imputarán á partida 4324.213.00.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a reparación de instalacións de iluminación pública do concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

25(907).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 5930/2555.

Examinadas as actuacións do expediente, visto prego de prescricións técnicas asinado pola xefa de negociado do Servizo de Cemiterios, do 18.05.04 e conformado polo xefe do Sector de Acción Social, e o prego de cláusulas administrativas, do 21.06.04, asinado polo xefe de Negociado de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a contratación por concurso da prestación dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais; visto o informe xurídico de 29.06.04 e de acordo co informe-proposta proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 21.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 182.186,72 euros/ano para a contratación da prestación do servizo de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cimiterios municipais que se imputarán á partida 443.0.227.06.00 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cimiterios municipais.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

26(908).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA EXECUCIÓN DAS CLÁUSULAS 2ª, 3ª, 5ª E 8ª DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO ASINADO O 20.12.01 NO ÁMBITO DA PONENCIA DE VALORES PARCIAL DO ANO 2003. EXPTE. 129/500/04.

Examinadas as actuacións do expediente, visto prego de prescricións técnicas asinado pola directora de Ingresos, do 16.04.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Patrimonio e Contratación, e a modificación realizada o 16.06.04; visto o prego de cláusulas administrativas, do 21.06.04, asinado polo xefe de Negociado do Servizo de Contratación, ambos para a contratación por concurso da prestación dos servizos para a execución das cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 8ª do Convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro asinado o 20.12.01 no ámbito de ponencia de valores parcial do ano 2003; vistos os informes xurídicos de 2.06.04 e de 25.06.04 e de acordo co informe-proposta proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 21.06.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 230.000 euros para a prestacións da asistencia técnica para a execución das cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 8ª do convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro asinado o 21-12-2001 no ámbito da ponencia de valores parcial do ano 2003 que se imputará á partida 611.02270602 e bolsa de vinculación do presuposto dos anos 2004, 2005 e 2006.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas modificado e o prego de condicións técnicas para a contratación da asistencia técnica para a execución das cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 8ª do convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro asinado o 21-12-2001 no ámbito da ponencia de valores parcial do ano 2003.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

27(909).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 16968/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.06.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de Animación Socio- Cultural e Festas deste Concello remítese expediente da contratación da prestación do servizo da Escola Municipal de danza, para que se formule proposta de revisión de prezos do contrato.

O servizo da prestación do servizo da Escola Municipal de danza foi adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro, por acordo da Comisión de goberno deste Concello, en sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2002, fixando o prezo do mesmo na cantidade de 89.416,30 euros/ano.

A Comisión de Goberno do Concello de Vigo en sesión celebrada, acordou prestar aprobación a primeira revisión do prezo contractual, fixando este para o período febreiro de 2003 a febreiro de 2004, na cantidade de 92.814,12 euros, este prezo é o que se deberá revisar mediante a aplicación da variación do IPC de febreiro de 2003/2004, o cal segundo información facilitada polo Instituto Nacional de Estadística foi do 2,1%.

A posibilidade de revisión de prezos, aparece recollida no apartado terceiro do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación (C. G. De 26 de novembro de 2001).

“A revisión de prezos terá lugar transcurrido un ano da execución do contrato..., as seguintes revisións do contrato recollerán a variación do IPC que medie entre a data da última revisión (que comezou a rexer a partir de marzo de 2003), e a data da revisión (que terá os seus efectos desde marzo de 2004)

Segundo o exposto anteriormente, a revisión de prezos do contrato terá lugar a partir de 1 de febreiro de 2004, recollendo a variación do Índice de Prezos o Consumo desde esa data e o 1 de febreiro de 2003, que segundo certificación do Instituto Nacional de Estadística foi de 2,1%.

Unha vez realizados os cálculos oportunos, resulta que o prezo revisado do contrato ascende a 94.763,22 euros/anuais, para o período de febreiro de 2004 a febreiro de 2005.

Polo exposto anteriormente, proponse a Xunta de Goberno Local , previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

“Aprobar a revisión de prezos do contrato de prestación de servizos da Escola Municipal de Danza, adxudicado a D. Wenceslao Cabezas del Toro, pola Comisión de Goberno deste Concello, en sesión celebrada o 28 de febreiro de 2002, fixando éste para o período de febreiro de 2004 a marzo de 2005, na cantidade de 94.763,21 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28(910).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16628/240.

Antecedentes

Con data 3.11.03 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación mediante concurso da prestación do Servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores da cidade de Vigo.

O secretario xeral adxunto con data 12.02.04 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio da Oficina de Patrimonio e Contratación publicado no BOE nº 284, DOG nº 242 e no BOP nº 228 de datas 27

de novembro, 15 de decembro e 25 de novembro de 2003, así coma no DOCE de data 14 de novembro de 2003 presentaron proposicións as seguintes empresas: 1) UTE Eulen S.A. e Aceuve Mantenimiento S.L., 2) UTE IMES S.A. e Equipos de Señalización y Control S.A. e Ferrovial Servicios S.A.

Con data 13.01.04 a Mesa de Contratación aprazou a apertura da documentación presentada ata que se resolvesen as alegacións presentadas por Miguel Pascual Sociedad Cooperativa e Construcciones y Montajes Eléctricos Santos Hector S.L. contra o prego de condicións.

A Xunta de Goberno en sesión do 2.02.04 acordou a desestimación de ditas alegacións e a continuación coa tramitación do expediente.

A Mesa de Contratación en sesión de 9.02.04 procedeu á apertura da documentación presentada pasándoa a informe do xefe dos Servicios Electro-Mecánicos, que foi emitido polo enxeñeiro industrial municipal o 3.03.04 facendo constar como mais vantaxosa a oferta presentada pola UTE Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento S.A. e Equipos de Señalización y Control S.A.

Con data 8.03.04 a Mesa de Contratación formula a seguinte proposta de adxudicación á Xunta de Goberno:

“Adxudicar a Unión Temporal de empresas formada por Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (50%) e Equipos de Señalización y Control, S.A. (50%) o servicio de mantemento das instalacións electromecánicas dos túneles propiedade do concello de Vigo por un prezo de adxudicación de 351.253,40 euros/ano e os seguintes prezos por conceptos:

- *Potencia instalada en bombeos (C.V.) 95,00 euros CV.*
- *Potencia instalada en alumado (KW) 130,00 euros KW.*
- *Potencia instalada en ventilación (C.V.). 95,00 euros CV.*
- *Superficie paredes tuneis (M²) 2,00 euros M².*
- *Superficie vial rodadura (M²). 0,80 euros M².*

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 03-11-2003 e a oferta presentada”

A Xunta de Goberno en sesión do 22.03.04 deixa pendente o expediente para que se acredite a existencia de consignación presupostaria adecuada.

O enxeñeiro industrial municipal, o 28.06.04, emite o seguinte informe-proposta conformado polo concelleiro dos Servizos Electro-Mecánicos e pola interventora xeral:

Na sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2004 a Xunta de Goberno Local acordou deixar a adxudicación do concurso “Mantemento Integral das instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores”, pendente da existencia de consignación presupostaria suficiente, en base o informe de Intervención de data 9 de marzo de 2004 no cal se indica que non se pode iniciar a execución do contrato en tanto non sexa aprobado o presuposto do ano 2004.

O pleno da corporación municipal de data 24 de maio de 2004, rexeitou a aprobación inicial do orzamento xeral.

Polo tanto, e co obxecto de darlle cobertura presupostaria o contrato, dada a responsabilidade civil e penal no que podría incurrir o Concello derivada dalgún accidente que poidera ocasionarse como consecuencia da falta de mantemento das instalacións que dan servizo os tuneis tales como: ventilación, bombeos, alumedo, protección contra incendios, etc.

PROPÓNSE:

1º.- Que de acordo co importe anual do novo contrato, o gasto correspondiente o período do 1 de setembro o 31 de decembro do 2004, o que supón unha coantía de 117.084,46 Euros, se impute á partida 2220.227.06.07 “Mantemento Túnel Areal” sendo o creto dispoñible nesta partida 253.494,70 Euros, e quedando un saldo despois desta aplicación de 136.410,24 Euros.

2º.- Que do resto dispoñible desta partida 2220.227.06.07 se faga unha Reserva de Crédito pola cantidade total para facer fronte a obriga contraída coa UTE Esycsa-Ettra-Moncobra, polo mantemento realizado nas instalacións do túnel de Beiramar durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2003 e ó 1 de agosto de 2004.

3º.- Que o importe presupostado no proxecto de presupostos para o ano 2004 no programa 4324 (Electro-Mecánicos), sexa presupostado no programa 2220 partida 227.06.07.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación e co informe-proposta do enxeñeiro industrial municipal do Servizo de Electro-Mecánicos, acorda:

1º.- Adxudicar a Unión Temporal de empresas formada por Instalaciones y Montajes Eléctricos y Saneamiento, S.A. (50%) e Equipos de Señalización y Control, S.A. (50%) o servizo de mantemento das instalacións electromecánicas dos túneles propiedade do concello de Vigo por un prezo de adxudicación de 351.253,40 euros/ano e os seguintes prezos por conceptos:

- Potencia instalada en bombeos (C.V.) 95,00 euros CV .*
- Potencia instalada en alumedo (KW) 130,00 euros KW.*
- Potencia instalada en ventilación (C.V.). 95,00 euros CV.*
- Superficie paredes tuneis (M²) 2,00 euros M².*
- Superficie vial rodadura (M²). 0,80 euros M².*

Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 03-11-2003 e a oferta presentada”

2º.- Que de acordo co importe anual do novo contrato, o gasto correspondiente o período do 1 de setembro o 31 de decembro do 2004, o que supón unha coantía de 117.084,46 Euros, se impute á partida

2220.227.06.07 “Mantemento Túnel Areal” sendo o creto dispoñible nesta partida 253.494,70 Euros, e quedando un saldo despois desta aplicación de 136.410,24 Euros.

3º.- Que do resto dispoñible desta partida 2220.227.06.07 se faga unha Reserva de Crédito pola cantidade total para facer fronte a obriga contraída coa UTE Esycsa-Ettra-Moncobra, polo mantemento realizado nas instalacións do túnel de Beiramar durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2003 e ó 1 de agosto de 2004.

4º.- Que o importe presupostado no proxecto de presupostos para o ano 2004 no programa 4324 (Electro-Mecánicos), sexa presupostado no programa 2220 partida 227.06.07.

29(911).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS ADXUDICADO A SERVICIOS SECURITAS S.A. EXPTE. 267/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 30.06.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de 24-04-2003 se adxudicou o concurso para a pretación do servizo de atención ó público no Verbum-Casa das Palabras a Servicios Securitas, S.A.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexiu a contratación establecíase como prazo de finalización do contrato o 31-08-2004 aínda que era posible a prorroga do mesmo por un ano máis.

O xefe do departamento de Cultura propón a prorroga do contrato por un ano, incluíndose no seu informe a valoración sobre o nivel de satisfacción da execución do contrato .

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-09-2004 ó 31-08-2005 do contrato de atención ó público no Verbum-Casa das Palabras adxudicado a Servicios Securitas, S.A. por resolución da Alcaldía-Presidencia de 24-04-2003.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

30(912).- ADXUDICACIÓN CO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMMIBLES ORIXINAIS E RECICLADOS PARA IMPRESORAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1429/113.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 19.04.04 aprobou o expediente de contratación para a subministración de consumibles orixinais e reciclados de impresoras para o Concello de Vigo.

O titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local con data 24.05.04 certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 87 e no BOP nº 86 de dtas 6 de maio do presente ano presentáronse as seguintes proposicións: 1) Profinsa S.A., 2) Bureau-Info S.L., 3) Paz Dismac S.L., 4) Gersa Informática S.L., 5) Planitec S.L., 6) Royal Ofi S.L., 7) Guilbert España S.L., 8) Rosa Mª Martínez Piñeiro, 9) Equipos Electrónicos De Redondela S.L.L., 10) Jose Pastur Goicoa e 11) Kallaikoi S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de 24.05.04 procedeu á apertura da documentación presentada, excluindo a proposta de Rosa María Martínez Piñeiro e Kallaikoi S.L., concedéndolle un prazo de tres días para a subsanación de erros materiais a Bureau Info S.L., Planitec S.L., Guilbert España S.L. e José Pastur Goicoa, e admitindo as demais.

En sesión do 31.05.04 a Mesa de Contratación excluiu a proposta presentada por José Pastur Goicoa, pasando as demais a informe do Servizo de Informática, que foi emitido pola técnica de sistemas de dito servizo e conformado polo xefe de Informática con data 18.06.04.

A Mesa de Contratación en sesión do 5.07.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Productos para Oficina e Informática, S.A. (POFINSA) os lotes 1 e 2 do concurso para a subministración de consumibles orixinais e reciclados para impresoras do Concello de Vigo. O importe do contrato fíxase para o lote 1 en 40.000 euros e para o lote 2 en 20.000 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 19.04.2004 e a oferta presentada.

31(913).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE TRASLADO PROVISIONAL DE FUNCIONARIOS AO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 15141/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do decreto de Alcaldía de data 30.06.04, que resolve o seguinte:

Segundo consta no informe emitido polo Sr. Xefe da Unidade de Patrimonio, de data 30 de xuño de 2004, e do que tivo coñecemento no día de hoxe esta Alcaldía Presidencia, detéctase unha grave situación en orde á xestión provisoria do Mercado Municipal do Progreso, que precisa urxentemente de seren minimizada co traslado de determinados empregados municipais para garanti-la vixianza e control das instalacións dese servizo.

Dita situación orixínase a partires dos seguintes antecedentes descritos no informe do antedito servizo de Patrimonio :

Con motivo dunha sentenza do TSXG pola que se anulou a adjudicación da concesión do servizo público do Mercado do Progreso a favor da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos, o Concello de Vigo, en execución da mesma, adjudicou a xestión á Asociación de Comerciantes e Vendedores do mercado (Acordo plenario dfe 31.03.03), téndose interposto recurso de reposición por ámbalas duas asociacións a esta nova adjudicación.

O pasado día 25 emitíuse polo servizo de Patrimonio Informe proposta á Xunta de goberno local resolvendo os recurso formulados, proposta que finalmente non foi tratada na pasada Xunta de goberno .

Comunicado pola Asociación que na actualidade leva a cabo a xestión do Mercado, que o próximo día 1º de xullo cesa na mesma, cómpre que con carácter de emerxencia se acometa a entrada en xestión directa por este Concello a fin de garantir a prestación do servizo público e con carácter provisorio mentres non se asigne pola nova adjudicataria da concesión o correspondente contrato, momento no que será esta a que xestionará en réxime concesional o devandito mercado.

Por iso, considerando a situación de emerxencia exposta e no uso das máximas facultades de dirección do persoal ao servizo desta administración municipal que se lle confiren a esta Alcaldía no artigo 124.4 j) da lei 7/85, Reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, en concordancia co artigo 124.4.h). da mesma lei,

RESOLVO :

Primeiro : Trasladar provisoriamente ao Mercado do Progreso e en tanto perdure a situación de urxencia detectada, aos seguintes empregados municipais, co obxecto de levar a cabo as funcións de vixianza e control das referidas instalacións municipais :

D. MANUEL JOSE DOCAMPO SOTELO, con categoría profesional de Xefe de mercados, actualmente readscrito no servizo de Sanidade (Area de acción social) , e a quen se lle encomendan as máximas funcións de coordinación deste grupo de traballo.

D. JUAN A. BARRERIO VILA, coa categoría laboral de oficial de mercados, actualmente readscrito no servizo de Informática.

D. ALFONSO SANCHEZ DOMINGUEZ, coa categoría laboral de oficial de mercados, actualmente readscrito na Area de acción social.

Segundo : Dese traslado da presente resolución á Xunta de Goberno local, co obxecto de que resolva, si o considera oportuno, o establecemento dunha produtividade que retribúa a especial dedicación esixida como consecuencia deste traslado provisorio .

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

32(914).- CONTRATACIÓN DUN MÉDICO PARA CEDRO POLO PERÍODO DUN MES E 5 DÍAS PARA CUBRI-LAS VACACIÓNS REGULAMENTARIAS DO MÉDICO TITULAR. EXPTE. 15129/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.07.04 dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 22.06.04, que di o seguinte:

Con data 18 de xuño de 2004 e, cumplimentando o oficio de 25 de maio anterior, o Director da Unidade Asistencial de Drogodependentes CEDRO, coa conformidade do xefe da área e do concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, solicita a substitución do médico do referido Servico, durante o período vacacional regulamentario do titular da praza, tal e como se ven realizando en anos precedentes.

Dita contratación xustifícase polo propio carácter social da prestación do servico e a presión asistencial ó que está sometido o mesmo, posto que a toma dos opiáceos substitutivos son necesariamente diarias e presenciais e afectan aproximadamente a uns 1.200 pacientes diarios.

Fundamentos legais:

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuaráse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo, poderáse tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballo de carácter temporal e conxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servico da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración Local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública) e que deben formar parte da oferta de emprego pública.

En calquera caso, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respectuoso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95, se ben como

matiza reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, tal garantía non pode operar co mesmo nivel de intensidade formal que cando se trata de seleccionar a funcionarios de carreira ou empregados laborais fixos ou de plantilla.

Por esta razón, o artigo 249.1 da Lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral, o concurso, agás nos casos de urxencia.

A lei 56/03 de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego coma un servicio público e gratuito que terá coma funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a traveso dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir –contrato por acumulación de tarefas–, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual establece, como máximo, en seis meses. A xurisprudencia do T.S. (SS. de 5 de xullo de 1994, RJ 6339 e 12 de xullo de 1994, RJ 7156, entre outras) veñen admitindo expresamente a viabilidade desta modalidade contractual para garanti-la debida suplencia de traballadores durante os períodos vacacionais.

Entendese, por outra banda, amparada esta contratación ó abeiro do disposto no artigo 20.2 da Lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por isto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo para a cubrición temporal do médico de CEDRO dúas traballadoras de CEDRO durante o seu período vacacional, que garante a prestación do servicio:

Primeiro.- Solicitar do Instituto Nacional de Emprego (competencias actualmente asumidas polo Servicio Galego de Colocación) oferta xenérica para que sexan remitidos tres candidatos/as que resposten ás seguintes características: estar en posesión de titulación de Licenciado en Medicina e contar con experiencia con drogodependentes, ó obxecto de ser seleccionado un deles en consideración ó curriculum.

Segundo.- Que por unha Comisión de selección composta polo concelleiro-delegado da área de Benestar Social – que actuará como presidente–, o Director do centro CEDRO, un funcionario municipal designado polo Comité de persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar), e o xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario–, se propoña un candidato, unha vez realizada a entrevista ós/ás aspirantes, ó obxecto de formaliza-la súa contratación, puidendo esixirse a realización dunha proba oral ou escrita de carácter práctico, sobre o contido das tarefas propias do posto.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato co candidato/a proposto pola citada Comisión.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

33(915).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 508/407.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe porposta do xefe dos Servicios Centrais do 15.06.03, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servicios desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Dende esa data existen multas impostas por este organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

Asimesmo, cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licencias de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que tamén deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e liquidacións complementarias de taxas que se remiten ó Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Sancións urbanísticas:

1)	José Lago Portela (NIF 35.941.709-T)	301 euros
2)	Ignacio Muiños Ventín (NIF 36.002.945-X)	300 euros
3)	Ignacio Muiños Ventín (NIF 36.002.945-X)	600 euros
4)	Gumersindo Pérez Comesaña (NIF 35.851.160-W)	350 euros
5)	Manuel González Alonso (NIF 36.010.667-G)	3.000 euros
6)	Manuel González Alonso (NIF 36.010.667-G)	3.000 euros
7)	Domingo Alonso González (NIF 77.001.291-M)	3.000 euros
8)	Domingo Alonso González (NIF 77.001.291-M)	3.000 euros
9)	José Lago Rodríguez (NIF 35.847.493-S)	350 euros
10)	María Pilar Sotelo Millán (NIF 35.910.344-F)	600 euros
11)	Juan Carlos Villar Rouco (NIF 36.024.696-A)	301 euros
12)	Patricia Ramilo Fernández (NIF 36.104.433-E)	500 euros
13)	Antolín Alonso Pérez (NIF 11.011.880-D)	600 euros
14)	Mª Carmen Domínguez Rodríguez (NIF 36.007.548-J)	350 euros
15)	Jesús Alonso Nieto (NIF 35.992.511-R)	350 euros
16)	José Antonio Rodríguez López (NIF 36.050.981-E)	600 euros

17)	María Luz Romero Costas (NIF 36.033.243-V)	301 euros
18)	José Manuel Pazo Vila (NIF 35.972.996-F)	301 euros
19)	José Fernández Rodríguez (NIF 35.908.291-R)	301 euros
20)	Angel Casales Casales (NIF 35.965.799-D)	350 euros
21)	Adriano Jales Rosa (NIF 0810980)	350 euros
22)	Rilope, S.L. (NIF B-36.865.236)	900 euros
23)	Manuel Cabadas Alonso (NIF 35.962.490-N)	400 euros
24)	José Trigo Méndez (NIF 36.034.402-A)	400 euros
25)	Francisco Antonio Alvarez Domínguez (NIF 36.034.016-P)	400 euros
26)	Celia Cameselle Vilariño (NIF 35.946.453-Y)	400 euros
27)	José Edelmiro Balado Gargamala (NIF 35.991.407-H)	400 euros
28)	Mª Flora Comesaña Alonso (NIF 36.036.073-H)	400 euros
29)	Mª del Carmen Rouco Fernández (NIF 36.060.535-P)	600 euros
30)	Mónica Argentina Rouco Fernández (NIF 36.078.995-E)	600 euros
31)	Mª Encarnación Silva Rodríguez (NIF 35.856.813-C)	301 euros
32)	Antonio Otero Calvo (NIF 35.973.555-Z)	2.182,70 euros
33)	Mª Teresa López Doiro (NIF 35.974.906-P)	9.497,25 euros

Liquidacións de taxas por licencias de actividades:

1)	Serafín Rodríguez Rodríguez (NIF 35.561.857-Q)	200,84 euros
2)	Auto Atlántico, S.L. (CIF B-36.899.441)	358,63 euros

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada das anteditas sancións urbanísticas que se remiten ó tesoureiro municipal para que se dicte a correspondente providencia de apremio.

34(916).- NORMALIZACIÓN DE FINCAS COLINDANTES NA RÚA VÍA NORTE. EXPTE. 8871/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 28.06.04, que di o seguinte:

1º.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 6 de novembro de 2003, en contestación á consulta previa fomulada o 30 de abril de 2003 pola mercantil "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L." sobre unha proposta de sólido para o solar sito na Vía Norte, números 3 e 5, esquina a Canadelo Alto, acordou prestar conformidade ó informe emitido en relación coa dita consulta que se recolle nos antecedentes do mesmo.

2º.- Afírmase no dito informe:

-- Que non só a parcela obxecto da consulta senón, tamen, o Camiño de Canadelo Alto colindante, están clasificados e cualificados no vixente PXOU de Vigo como solo urbano --ó que procede atribuir a consideración de

consolidado habida conta a concurrencia das condicións establecidas no artigo 12. a) LOUGA--, coa ordenanza de edificación 1.1.B de edificación pechada, nun fondo de 15,58 m dende o fronte da rúa Vía Norte.

-- Que, polo que se refire ó Camiño de Canadelo Alto neste concreto tramo, o Plan Xeral contempla a subsistencia do dito paso baixo a edificación prevista o que obriga a distinguir entre o camiño e o seu uso público a nivel de solo, co gálibo necesario para elo, e o voo do camiño destinado polo Plan Xeral á edificación a partir do dito gálibo.

-- Que conforme ó artigo 8.4.a) do Regulamento de bens das entidades locais, a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais producirase automaticamente coa aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos. No presente caso, coa aprobación do vixente PXOU de Vigo que clasificou e cualificou o voo desta porción do camiño de Canadelo Alto como solo urbano coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada, produciuse a alteración da cualificación xurídica do voo deste camiño municipal, pasando automaticamente o voo, neste concreto tramo do camiño, de ter a cualificación xurídica de ben de dominio público a tela de ben patrimonial. Dita desafectación ten de entenderse que inclúe a da superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empraza-los pilares de apoio da estrutura da edificación a executar no voo.

-- Que habida conta as dimensións da superficie do voo municipal construíble, que, como advirte o aparelador municipal, o fan inedificable por si so, e o carácter de solo urbano consolidado no que se empraza tanto a parcela municipal como a colindante, aínda non edificada, propiedade de "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L.", procedería, de acordo cos artigos 72.1.b) do Regulamento de Xestión Urbanística e 122 da LOUGA, delimitar unha zona de normalización de fincas que comprenda a municipal --o voo susceptible de ser edificado unha vez normalizada a parcela-- e a de propiedade da devandita mercantil, para adaptar a configuración física das mesmas --previsiblemente, dadas as súas características, mediante a creación dunha única parcela de resultado-- ás esixencias do planeamento en vigor.

3º.- Á vista deste acordo, "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L.", con data 13 de febreiro de 2004, presentou nesta Xerencia de Urbanismo a solicitude de delimitación de zona de normalización das dúas fincas, cunha superficie total de 351,50 m², dos cales 72,5 m² corresponden ó voo municipal construíble sobre o camiño de Canadelo Alto e o resto 279,00 m² ó solar da solicitante, así como unha proposta de normalización da que resulta unha única parcela integrada por estas dúas fincas. Á solicitude e proposta achegan planos de situación e zonificación e deslinde das dúas parcelas e da resultante da proposta de normalización, así como xustificación do dominio da parcela privada.

4º.- O arquitecto técnico municipal, con data 24 de xuño de 2004, respecto da dita proposta, informou o que segue:

"Con data 13 de febreiro de 2004, presentase por parte de Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L., unha proposta de delimitación de zona de normalización de fincas, con proposta de reparcelación, cunha superficie total de 351,50 m², dos cales 72,50 m² corresponden ó voo sobre o camiño ou rúa Canadelo Alto e o resto de 279,00 m² corresponden ó solar de Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L., coa situación e lindeiros que se reflicten nos planos que acompañan ó expediente e coa relación dos dous propietarios dos bens e inmobles afectados que se indica na memoria explicativa.

A necesidade de delimitar unha unidade reparcelable xustifícase, en que as parcelas están clasificadas como solo urbano coa ordenanza 1.1.B de edificación pechada, e a municipal non reúne as dimensións mínimas de

parcela esixidas polo plan xeral. Así mesmo, considérase como solo urbano consolidado toda vez que o ámbito está practicamente urbanizado na súa totalidade (Rúas Vía Norte e o tramo de Canadelo Alto), polo que non sería preciso un proceso de execución integral, aínda que sí é necesario a técnica de reparcelación.

O obxectivo que se pretende coa delimitación da unidade reparcelable e a conseguinte reparcelación, tal como se establece no artigo 122 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o 72 do Regulamento de xestión urbanística é proceder á normalización e regularización das fincas incluídas no ámbito, nunha sola e única finca para adapta-la súa configuración ás esixencias do planeamento; normalización que se estima adecuada dadas as dimensións das dúas parcelas de orixe.

No que se refire á reparcelación, esta entenderase iniciada automaticamente por ministerio da lei ó aprobarse definitivamente a delimitación desta unidade reparcelable.

A iniciación do expediente de reparcelación levará consigo, sen necesidade de declaración expresa, a suspensión do outorgamento de licencias de parcelación e edificación no ámbito da unidade reparcelable.

En canto á valoración do aproveitamento correspondente á parcela do Concello, para unha posible monetarización, o técnico que subscribe informa:

A valoración realízase polo método residual, calculando o valor en base ó seu mais intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmobles actuais en venta o conxunto de gastos e beneficios de construción e promoción, obtendo residualmente o valor dos terreos.

A fórmula recomendada e empregada na normativa de Valoración Catastral é a seguinte:

$$Vv = (Vs + Vc) \times 1,40 \times K$$

e, xa que logo, $Vs = Vv / 1,40 \times K - Vc$

Sendo: Vv = Valor en venta de edificacións similares no mercado da zona.
(Bloque pechado, calidade media, nova construción, zona Vía Norte).

Vc = Valor de construción de calidade similar, non engadindo neste caso custos de urbanización por estar xa executadas.

K = Factor de localización que depende do mercado.

Vs = Valor residual do solo, expresado en pesetas/m² de construción.

Como valor en venta Vv , e por datos do mercado, adóptase a cifra de 2.119,93 €/m².

Como valor de construción, utilízase a media dos custes de execución material para a construción dun edificio de vivendas de clase media, resultando un valor de 709,19 €/m²

Tendo en conta as condicións de mercado para terreos que alcanzan as condicións de solares, non precisando dun planeamento secundario así como a execución do mesmo, utilízase un factor de localización K de 1,0.

O valor do solo por repercusión, en aplicación da fórmula resulta:

$$Vs = 2.119,93 \text{ €/m}^2 / 1,4 \times 1,0 - 709,19 \text{ €/m}^2$$
$$Vs = 805,05 \text{ €/m}^2$$

Tendo en conta que o aproveitamento para a parcela é de 6,5 m²/m², resultando un aproveitamento total de 471,25 m² construídos, o valor do solo é de:

$$Vs = 805,05 \text{ €/m}^2 \times 6,5 \text{ m}^2/\text{m}^2 \times 72,50 \text{ m}^2 = 379.379,81 \text{ €}$$

Nesta valoración, tívose en conta que na parcela correspondente ó voo sobre o Camiño de Canadelo, o aproveitamento ciñese exclusivamente dende a rasante da Vía Norte, por non ser posible o aproveitamento por debaixo de esta rasante para construír posibles sotanos para garaxe aparcamento.

Co fin de establecer o porcentaxe de participación tanto do Concello como de Promociones Pérez Paz, S.L. na parcela definitiva, é preciso valorar o aproveitamento correspondente a este último. Ós efectos de valoración, terase en conta ademais do aproveitamento dende a rasante de Vía Norte a posibilidade de establecer aproveitamentos lucrativos sobre a rasante da rúa Canadelo e baixo a rasante da parcela para usos compatibles tales como garaxes, etc.

A valoración realízase polo método residual, calculando o valor en base ó seu mais intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmobles actuais en venta o conxunto de gastos e beneficios de construción e promoción, obtendo residualmente o valor dos terreos.

A fórmula recomendada e empregada na normativa de Valoración Catastral é a seguinte:

$$Vv = (Vs + Vc) \times 1,40 \times K$$

$$e, \text{ xa que logo, } Vs = Vv / 1,40 \times K - Vc$$

Sendo: Vv = Valor en venta de edificacións similares no mercado da zona.
(Bloque pechado, calidade media, nova construción, zona Vía Norte).

Vc = Valor de construción de calidade similar, non engadindo neste caso custos de urbanización por estar xa executadas.

K = Factor de localización que depende do mercado.

Vs = Valor residual do solo, expresado en pesetas/m² de construción.

Como valor en venta Vv , e por datos do mercado, adóptase a cifra de 2.295,87 €/m².

Como valor de construción, utilízase a media dos custes de execución material para a construción dun edificio de vivendas de clase media, resultando un valor de 673,13 €/m²

Tendo en conta as condicións de mercado para terreos que alcanzan as condicións de solares, non precisando dun planeamento secundario así como a execución do mesmo, utilízase un factor de localización K de 1,0.

O valor do solo por repercusión, en aplicación da fórmula resulta:

$$Vs = 2.295,87 \text{ €/m}^2 / 1,4 \times 1,0 - 673,13 \text{ €/m}^2c$$

$$Vs = 966,78 \text{ €/m}^2c.$$

Tendo en conta que o aproveitamento para a parcela é de 1.684,12 m² construídos, o valor do solo é de:

$$Vs = 966,78 \text{ €/m}^2c \times 1.684,12 \text{ m}^2 = 1.628.173,53 \text{ €}$$

Resumen valoración:

Valor aproveitamento Concello:	379.379,81 €
Valor aproveitamento Pérez Paz:	1.628.173,53 €
Valor Total:	2.007.553,34 €
Participación Concello:	18,90 %
Participación promociones Pérez Paz, S.L.:	81,10 %"

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

I.- As razóns expostas no apartado segundo dos antecedentes que preceden, a cualificación urbanística das devanditas parcelas e as circunstancias da edificación na zona xustifican cumpridamente, tal e como se recolle no informe técnico de 24 de xuño de 2004 transcrito, a procedencia da delimitación dunha zona de normalización de fincas que comprenda ó voo municipal construíble sobre o camiño de Canadelo Alto e o solar da solicitante sinalado cos números 3 e 5 da rúa Vía Norte. Doutra parte, considerase tamén xustificada, no dito informe técnico, a creación dunha única finca como resultado da normalización, habida conta as dimensións das parcelas integrantes da zona delimitada para a reparcelación.

II.- En canto ó procedemento para a delimitación da zona de normalización de fincas, obra no expediente memoria e planos xustificativos da mesma e, toda vez que os únicos interesados no expediente, titulares de fincas incluídas na zona a que se refire a delimitación solicitada, son a mercantil solicitante da delimitación e o Concello de Vigo que se pronuncia sobre a mesma, pódese prescindir do trámite de audiencia dos interesados que preceptua o artigo 122 LOUGA.

III.- Polo que ó proxecto de normalización de fincas se refire, será unha única finca, segundo xa se dixo, o resultado da normalización proposta; finca única de 351,50 m², integrada polo voo municipal construíble sobre a rúa Canadelo Alto, a partir da rasante da rúa Vía Norte, e a parcela de orixen, propiedade de "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L." de 279 m², á que corresponderán os números 3 e 5 da rúa vía Norte e que pertencerá en proindiviso á solicitante nun 81,10 % e o Concello de Vigo nun 18,90 %, de acordo coa valoración realizada en aplicación do artigo 116.1.f) LOUGA.

Tal e como xa se expuso, coa aprobación do vixente PXOU de Vigo que clasificou e cualificou o voo da porción do camiño de Canadelo Alto, incluída na delimitación, como solo urbano coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada, produciuse, de conformidade co artigo 8.4.a) RBEL, a alteración automática da cualificación xurídica do voo deste camiño municipal, pasando o dito voo, neste concreto tramo do camiño, de ter a cualificación xurídica de ben de dominio público a tela de ben patrimonial; desafectación que ten de entenderse inclúe a da superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empra-los pilares de apoio da estrutura da edificación a executar no voo.

Non obstante a desafectación automática do repetido voo, a súa incorporación ó patrimonio do Concello require, de acordo co citado artigo, a recepción formal polo órgano competente da Corporación, que, de conformidade co artigo 127.1. f) LRBRL, será a Xunta de Goberno Local.

IV.- Dándose a conformidade dos interesados na normalización proposta, o procedemento a seguir para a mesma será o do artigo 139 LOUGA e 115 RPU: formalización da proposta de normalización en escritura pública, na que deberá facerse constar a aceptación da mercantil "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L." e do Concello; información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e aprobación municipal, no seu caso, previo informe dos servizos municipais.

V.- De conformidade cos apartados d) e f) do artigo 127.1 LRBRL é a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar a delimitación da zona de normalización de fincas obxecto do presente expediente, así como a recepción formal como ben patrimonial municipal do voo construíble sobre a rúa Canadelo Alto, desafectado automaticamente coa aprobación do vixente PXOU de Vigo, e a normalización de fincas proposta.

Por todo o exposto e de acordo coas anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

Primeiro.- Aproba-la delimitación de zona de normalización de fincas na rúa Vía Norte, cunha superficie total de 351,50 m2, dos cales 72,50 m2 corresponden ó voo construíble municipal sobre o camiño Canadelo Alto e o resto, 279,00 m2, ó solar colindante de "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L.", coa situación e lindeiros que se reflicten nos planos que acompañan ó expediente.

Segundo.- Aproba-la recepción formal, como ben patrimonial municipal, do voo construíble sobre a rúa Canadelo Alto, desafectado automaticamente coa aprobación do vixente PXOU de Vigo ó clasificalo como solo urbano e cualificalo coa ordenanza de aplicación 1.1.B, de edificación pechada; voo que inclúe a superficie do lateral do solo do camiño imprescindible para empraza-los pilares de apoio da estrutura da edificación a executar no voo.

Terceiro.- Prestar conformidade á proposta de normalización formulada por "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L.", da que resulta unha única parcela de 351,50 m2, integrada polo voo municipal construíble sobre a rúa Canadelo Alto, a partir da rasante da rúa Vía Norte, e a parcela de orixen, propiedade de "Promociones y Construcciones Pérez Paz, S.L." de 279 m2; finca única, á que corresponderán os números 3 e 5 da rúa vía Norte e que pertencerá en proindiviso á solicitante nun 81,10 % e o Concello de Vigo nun 18,90 %.

Cuarto.- Formalícese a proposta de normalización en escritura pública, na que se fará constar a aceptación da mercantil solicitante e do Concello e sométase a información pública durante vinte días mediante anuncio que se publicará no BOP.

Quinto.- Notifíquese en legal forma o presente acordo a "Promociones e Construcciones Pérez Paz, S.L." coa advertencia de que a iniciación do presente expediente de normalización leva consigo a suspensión do outorgamento de licencias de parcelación e edificación no ámbito.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

35(917).- PERMUTA DA FINCA SITA NA RÚA REGUEIRO Nº 8 POR PARCELA RESULTANTE DA MUNICIPAL 13.2 U.E I.01 VILLA LAURA. EXPTE. 4417/401.

Examinadas as actuacións do expediente, a Xunta de Goberno retirao da orde do día da Xunta de Goberno para que se incorpore informe de Intervención Xeral.

36(918).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ALONSO MIGUEZ ROSA MARIA	0427543	36,66	36,66		
“	0427542	93,00	80,50	12,50	

AMBOAGE GARCIA CONCEPCION	0427538	36,66	36,66		
“	0427537	93,00	80,58	12,42	
CASQUEIRO DE LA CRUZ MERCEDES	0427535	93,00	93,00		
“	0427535	36,66	36,66		
COLLAZO RODRIGUEZ BENJAMIN	0426901	76,66	76,03	0,63	
“	0426902	300,00	273,08	26,92	
ESPADA RECAREY LUIS	0424959	500,00	499,76	0,24	
GARCIA GARCIA MONSERRAT	0427540	36,66	36,66		
“	0427539	93,00	68,00	25,00	
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO JAVIER	0425715	359,60	359,60		
“	0404088	847,54	814,36	33,18	
IGLESIAS ALVAREZ EMILIO	0404138	325,00	247,00	78,00	
LOPEZ MOURE JESUS	0425714	10.440,00	10.440,00		
RIESGO BOLUDA JOSE	0429713	46,50	46,50		
“	0429714	26,14	26,14		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0403656	90.151,82	90.140,00	11,82	
SOTELO RODRIGUEZ JOSE ANTONIO	0414040	600,00	413,50	186,50	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0426119	18.096,00	18.096,00		
“	0403845	6.000,00	5.997,91	2,09	
TOTAL			127.898,60		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

37(919).-DAR CONTA DA PETICIÓN DUN ESTUDIO SOBRE A NECESIDADE DUNHA NOVA DEPURADORA E A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do escrito da Alcaldía dirixido ao Ilmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente que di o seguinte:

Diríxome a vostede co fin de expoñer a necesidade que ten Vigo dunha nova depuradora e a mellora da rede de saneamento.

Analizado os caudais medios mensuais de entrada na EDAR do Lagares hai que destacar que estas instalación están traballando por riba dos valores de deseño.

En valores absolutos de DBO₅ as cargas totais de entrada, superan un 21% os valores absolutos de deseño, e en sólidos en suspensión o exceso sobre os valores de deseño supón un 40%.

Se se analizan os caudais, o incremento do valor medio é de un 40% sobre o valor medio de deseño. Neste aspecto hai que destacar que o mes de menor caudal de entrada a EDAR, agosto, con 1.678 l/seg. supera case o 12% o caudal medio de deseño 1.500 l/seg.

Hai que considerar tamén que nos meses de xaneiro, febreiro e decembro, con caudais excepcionalmente altos, aínda que polo efecto de dilución as cargas de sólidos en suspensión e DBO₅ diminúen non tódalas augas chegan a EDAR do Lagares. E un feito que os colectores (marxe do Lagares e marxe de ría) con pequenas cantidades de chuvia entran en carga, obrigando a aliviar as augas residuais directamente por distintos aliviadoiros dos citados colectores. Así pois, en determinadas e por desgracia frecuentes ocasión non todo o caudal chega as instalación de tratamento, co conseguinte prexuízo medioambiental sobre o río Lagares e a ría de Vigo.

O anteriormente exposto segundo os nosos técnicos son os aspectos máis relevantes que indican a necesidade dunha nova depuradora para Vigo.

Así pois, solicítolle que se realice un estudio en profundidade das necesidades de mellora da rede de colectores, así como de capacidade de depuración necesaria para Vigo para os próximos anos.

Esta análise deberá de realizarse no contexto do PXOU que será o que defina o crecemento da cidade no futuro, e así acometer unha infraestrutura necesaria que permitirá a conservación do ben máis prezado dos nosos cidadáns: "A ría de Vigo".

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do precedente escrito.

38(920).-CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE BLONDIE – FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004. EXPTE. 1106/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 12.07.04 e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 8.07.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de contrato para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dunha actuación do grupo *BLONDIE*, o día 19 de xullo, no auditorio de Castrelos dentro das *Festas do Cristo da Victoria 2004*.

2.- Autorizar un gasto por un importe total de 113.680.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa PRODUCCIÓN LOCAL S.L., con CIF B-36760098.

3.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4.- Aprobar un prezo público de 10.-€, sen asento, para cada unha das 5.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN
DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE
BLONDIE*

Vigo, o XXXX de XXXXXXXXX de dous mil catro.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, C.I.F. P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza. do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. JUAN FRANCISCO LORENZO JORRETO, NIF 36044548-Y, ADMINISTRADOR ÚNICO e que actúa en nome da empresa PRODUCCIÓN LOCAL S.L., con CIF B-36760098, e con domicilio na rúa Areal, 22, CP 36201, da cidade de Vigo; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

*CLÁUSULAS
OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do grupo *BLONDIE*, no sucesivo O ARTISTA, o día 19 (dezanove) de xullo de 2004, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.*

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 98.000.-€ máis iva, o que fai un total de 113.680.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D. JUAN FRANCISCO LORENZO JORRETO, NIF 36044548-Y, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E VENDA DE ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.500.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuito de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO editará e porá á venda un total de 5.000.- entradas, ao prezo único de 10.-€, cada unha e será o beneficiario da total recaudación. Así mesmo, editará 300 invitacións, das que facilitará 50 á AXENCIA.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

O CONCELLO instalará dúas pantallas de reprodución de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados...

ANEXO TÉCNICO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watos de potencia, en catro torres de “delay” situadas na liña de graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reúne as seguintes características:

Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 750 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario (“backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará as estruturas necesarias para os equipos de son.

2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)

Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 5 m de fronte, 8 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan

Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m².

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-

MERCADOTECNIA.-

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos: un para artista principal, para seis persoas; un para o grupo, para seis e un para técnicos.

Os camerinos estarán limpos, enmoquetados e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse 60 toallas grandes, recién lavadas e secas e seis pastilla de xabón.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA dúas oficiñas de produción, preto do escenario, con tres mesas de traballo e seis cadeiras, ademais de catro e unha liñas telefónicas, respectivamente, previstas de contador.

6. "CATERIN".

O CONCELLO deberá subministrar ó catering que figura como anexo do presente contrato

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de seis turismos, unha furgoneta, 1 trailer de 16 metros e 2 autobuses de 12 metros que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adinatado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATORCE persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediateamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners... Ademais, O CONCELLO deberá aportar 2 riggers.

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 12 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.

3 membros DIANTE DO ESCENARIO.

2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

2 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.

2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricta puntualidade.

A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

12. PUBLICIDADE.

O CONCELLO editará e distribuirá 500 carteis para a difusión deste concerto

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un sao efecto, no lugar e data indicados.

39(921).-SUBVENCIÓN Á COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DAS FESTAS DE BOUZAS. EXPTE. 1454/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 6.07.04, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención de 4.500€ (IVE incluído) á Cofradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, con CIF: G-36.690.170, para a organización das tradicionais festas de Bouzas, con cargo á partida 7510 4700201 "Subvención de Actividades", da Concellería de Turismo, do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Cofradía deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo desta celebración.

3º.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita asociación de solicitar os correspondentes permisos para a celebración da actividade.

4º.- A Cofradía do Stmo. Cristo dos Aflixidos de Bouzas será a encargada da contratación con terceiros para a realización de todas as actividades programadas durante as festas, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

5º.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado o cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para o ano 2003. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o reglamento que regula a obriga de expedir facturas.

40.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR PARA O ASESORAMENTO SOBRE PROXECTOS E PROGRAMAS QUE SEXAN COFINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA OU OUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS. EXPTE. 41435/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 30.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 14.06.04, conformado polo coordinador da

área de Servizos Sociais, o concelleiro delegado da área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a formalización pola Sra. Alcaldesa de Vigo e o representante do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular dun Convenio de colaboración para a prestación de coordinación e tramitación de proxectos e programas a desenvolver polo concello que poidan ser subvencionados pola U.E. ou outras institucións públicas de carácter interrexional, por un importe total de 12.000 € e co seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ORGANIZACIÓN DE CIDADES DO “ EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR ” PARA A ASISTENCIA TÉCNICA EN PROXECTOS EUROPEOS

Vigo, de de 2004

REUNIDOS

Duna parte, Dª. CORINA PORRO MARTÍNEZ, Alcaldesa – Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo

Doutra parte, D. XOAN VÁZQUEZ MAO, Secretario Xeral do Eixo Atlántico Peninsular, en nome e representación do mesmo

Ambasdúas partes recoñécense entre sí competencia e capacidade legal suficiente para formaliza-lo seguinte Convenio, polo que

EXPOÑEN

- Que o Concello de Vigo, ven presidindo dende xaneiro do 2001 a Comisión de Cidades Portuarias, no marco da Conferencia de Cidades do Arco Atlántico*
- Que co fin de seguir coas relacións cos distintos membros da Comisión precisa duna asistencia técnica para o desenvolvemento e asesoría nos temas europeos*
- Que o Eixo Atlántico é unha organización das principais cidades de Galicia e Norte de Portugal, sen ánimo de lucro, con sede en Bruselas e cuio cometido é o de impulsar a presenza dos concellos no escenario europeo*

- *Que o Concello de Vigo pertence ó Eixo Atlántico coma membro executivo*

En consecuencia e dado o seu obxectivo común, ámbalas dúas partes subscriben o presente Convenio de colaboración, de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

1ª.- O Eixo Atlántico prestará asistencia técnica ó Concello de Vigo en materia de :

- *Presencia en foros internacionais*
- *Asesoría de proxectos europeos*

2ª.- Para desenvolver os traballos o Eixo Atlántico facilitará os recursos humanos ó Concello de Vigo segundo a natureza do asesoramento ou colaboración requirida en cada momento

Estes traballos realizaranse co persoal técnico do Eixo Atlántico indicando este Organismo en cada momento o técnico que manterá as relacións co concello e quedando facultado este último para poder substituílo no intre que o considerase pertinente

3ª.- O Concello de Vigo aboará ó Eixo Atlántico por este concepto un importe de doce mil euros (12.000,00 €) . O pago será por mensualidades vencidas por un importe de 2.000,00 € cada mensalidade

4ª.- O importe do Convenio financiarase con cargo ó actual presuposto prorrogado do 2003 do concello,- servizo de Vías e Obras - Partida presupostaria 5110.227.06.00

5ª.- Os traballos de asesoramento e colaboración realizaranse prioritariamente nas dependencias do Concello de Vigo, donde se dotara ó persoal asesor dos medios e instalacións necesarias para o desenvolvemento das actividades propias do seu traballo

6ª.- A duración do convenio sera de seis (6) meses a partires do un de xullo de 2004, podéndose prorrogalo mesmo por outro período de igual duración, previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local

7ª.- No caso de prórroga o importe será o establecido na cláusula 4ª deste Convenio

8ª.- O Concello non manterá vínculo laboral algún co asesor ou asesores designados ó efecto polo Eixo Atlántico. Serán por conta de este último tódolos gastos, obrigas coa Seguridade Social e impostos que produza a persoa ou persoas contratadas ó efecto polo Eixo Atlántico

9ª.- Serán motivo de extinción do convenio ós seguintes :

- a) O remate do período e as súas prórrogas , no seu caso*
- b) O incumprimento das obrigas contractuais por ámbalas dúas partes*

c) A baixa do Concello de Vigo como membro do Eixo Atlántico

Para a debida constancia de todo o convindo, asínase este convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicada no encabezamento

2º.- Aprobar o gasto de 12.000,00 € correspondente ó importe deste convenio con cargo a partida 511.0.227.06.00 dos presupostos prorrogados do ano 2003.

41(923).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2596/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Con data 7.06.04 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación por concurso aberto da prestación do Servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no DOG nº 121 e no BOP nº 120 de data 24 de xuño do presente ano, presentouse unha só proposición no Rexistro Xeral: Temperans & Animals S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 5.07.04 procedeu á apertura da documentación presentada, pasándoa a informe do servizo de Medio Ambiente, que foi emitido na mesma data polo técnico supervisor e Medio Ambiente, Sanidade e Consumo facendo constar que dita oferta cumpre cos requisitos exisidos no prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Vigo, polo que propón a adxudicación á devandita empresa.

Á vista de dito informe a Mesa de Contratación en sesión da mesma, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Tempers & Animals, S.L.” o concurso para a contratación da prestación dos servizos de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Vigo por un importe de 105.290 euros. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 07.06.04 e a oferta presentada.

42(924).-PRODUCTIVIDADE DA POLICÍA LOCAL DO MES DE MAIO DE 2004 POLA EXECUCIÓN DE XORNADAS DE DISPONIBILIDADE HORARIA. EXPTE. 15138/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 6.07.04, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 29.06.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 9 de febreiro de 2004, a Xunta de Goberno local adoptou acordo aprobatorio dun novo programa de dispoñibilidade horaria para o persoal da Policía local ata o mes de xuño do presente exercicio, nas mesmas condicións que no programa aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 29 de setembro de 2003, cunha actualización de importes do 2% previstos na lei de orzamentos do Estado para o presente exercicio, recollidos expresamente no texto do devandito acordo do órgano municipal de Goberno .

O concepto retributivo elixido para recompensa-la dedicación extraordinaria , derivada tanto do propio exceso de xornada resultante do programa coma da situación de permanente disposición que se lle vai esixir ó funcionario hacia o servizo, configúrase como un complemento de produtividade, onde a asignación individual se establece en función de parámetros de traballo obxectivos, como e o número de xornadas realizadas por axente, vinculadas ó tempo ós propios obxectivos globais do servizo.

Neste senso, o Artigo 5 do RD 861/86, de 25 de abril, sobre Réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, en concordancia co disposto no Artigo 23.3. c) da lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da función Pública, configura o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desempeña o seu posto de traballo.

Consonte ó disposto no artigo 25.2 da Lei 61/2003, de 30 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o exercicio 2004, en concordancia cos artigos 19.4 e 21.1.b da mesma Lei, e sen prexuízo do incremento retributivo global do 2%, poderán modificarse as contías globais dos créditos destinados a atender o complemento de produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios para adecualos ós obxectivos dos distintos programas de rendemento .

A asignación concreta das cantidades resultantes da aplicación do programa compételle á Xunta local de Goberno, de conformidade co artigo 127 da lei reguladora das Bases de réxime local.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno local en sesión de 9 de febreiro de 2004, a aprobación do Programa quedou vinculada á unha futura modificación presupostaria no Capítulo I , ó existir

créditos suficientes noutras partidas do referido capítulo, suficientes para afrontar-lo custo do Programa, modificación que será tramitada en breve por esta Unidade.

Por acordos do Pleno do Concello adoptados en sesións ordinarias de 26 de abril de 2004 e 28 de xuño de 2004, deuse aprobación a unhas implementacións da partida de productividades para facer fronte ós custos do Programa.

Con data 29 de xuño de 2004, a Alcaldía Presidencia en execución do antedito acordo, decretou no exercicio das súas competencias a transferencia de créditos entre as partidas afectadas para acadar a antedita implementación.

Por todo o exposto, en execución do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de 9 de febreiro de 2004, e previo informe sobre consignación de créditos e fiscalización da Intervención xeral, sométese a consideración da Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA de ACORDO :

“ Recoñecer e aboar ó persoal da Policía local que se relaciona nos listados nominais da Xefatura da Policía local de datas 2 e 3 de xuño de 2004, incorporados ó expediente, os importes de productividade propostos por dita Xefatura correspondentes a aplicación do Programa de disponibilidad horaria durante o mes de maio de 2004, e que ascenden a un total de 82.157,22 euros por días de reforzo e 156,78 euros por prolongacións de xornada, tamén acollidas estas últimas ó réxime retributivo deste Programa .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

43(925).- ABOAMENTO DE DIFERENCIAS RETRIBUTIVAS AO OFICIAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS D. GUILLERMO DOMÍNGUEZ LÓPEZ. EXPTE. 15131/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 6.07.04, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 28.06.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 22 de marzo de 2004, o Oficial do Servizo de Extinción de Incendios, Sr. D. Guillermo Domínguez López, solicita o aboamento da diferenza retributiva existente entre os postos de Suboficial e Oficial do referido Servizo , en relación ao período previo á súa toma de posesión en propiedade da praza de Oficial e durante o que desenvolveu dito cargo en prácticas, todo elo consonte á vixente normativa reguladora do réxime retributivo dos funcionarios en prácticas.

INFORME .

De conformidade co disposto no artigo 1 do RD 456/86, de 10 de febreiro, modificado por RD 213/2003, de 21 de febreiro, os funcionarios nomeados en prácticas percibirán unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo en que esté clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. Nembargantes, o referido precepto exceptúa desta norma aqueles supostos nos que o funcionario nomeado en prácticas veña realizándoas mediante o desempeño dun posto de traballo. Neste último suposto, as retribucións resultantes incrementaríanse nas retribucións complementarias correspondentes a dito posto de traballo.

Dos datos obrantes nesta Unidade, conséntase que D. Guillermo Domínguez López, trala superación do correspondente proceso selectivo convocado por promoción interna na Oferta de Emprego Público de 2002 para cubrir en propiedade unha praza de Oficial do S.E.I., foi nomeado en prácticas para dita praza por resolución da Alcaldía de 26 de novembro de 2003, tomando posesión da mesma o 1º de decembro seguinte, situación na que permaneceu ata o 10 de marzo de 2004, data na que tomou posesión en propiedade da súa praza de Oficial previo Decreto de nomeamento da Alcaldía – Presidencia de 9 de marzo de 2004.

Consecuentemente entendemos que concorrería o presuposto de devengo previsto na normativa referenciada para proceder ao aboamento das diferenzas retributivas solicitadas, que ascenderían a 1.130,54 euros, resultantes do seguinte cómputo : 337,87 euros de diferenza salarial referida ao mes de decembro, 344,63 euros / mes durante os meses de xaneiro e febreiro, e 103,41 euros referidos ao mes de marzo.

Por todo iso, sométese a consideración da Xunta de Goberno local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a seguinte proposta :

“ Recoñecer a aboar ao Oficial do servizo de Extinción de incendios Sr. D. Guillermo Domínguez López as diferenzas salariais existentes entre as retribucións complementarias do posto de Suboficial e as do posto de Oficial do referido servizo, en relación ao período en que desenvolveu como funcionario en prácticas o cargo de Oficial, isto é, do 01.12.03 ata o 10.03.04, por un importe total de 1.130,54 euros “.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSÉNTANSE DA REUNIÓN OS CONCELLEIROS SR. COUTO PÉREZ E SR. COMESAÑA ABALDE.

44(926).-RECURSO CONTRA ACORDO PLENARIO DE 30.03.03 SOBRE ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 15569/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, do 12.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, así como as alegacións formuladas por Dª Mª Angeles Bastos Besada e outros ao acordo do Pleno de data 30 de marzo de 2003, ao non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a adopción do acordo de adxudicación da concesión administrativa de servizo público de xestión do Mercado municipal do Progreso de Vigo.

2º.- Declarar levantada a suspensión que pendía sobre a execución do acordo plenario recorrido.

3º.- Notificar o prexente acordo á parte recorrente e requirir á Asociación de comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso para que procedan a asinar o contrato de adxudicación da concesión administrativa para a xestión do Servizo do Mercado municipal do Progreso, comparecendo, ao efecto, no prazo regulamentario, nas dependencias da Secretaría Xeral deste Concello, sitas no primeiro andar da Casa Consistorial.

45(927).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.